

Os xuros de mora procesual na execución
de sentenzas fronte á Seguridade Social
e o principio constitucional de igualdade
ante a lei

*The interests of procedural delays in the execution of
sentences against the social security and the constitutional
principle of equality before the law*



FRANCISCO REQUEJO GUTIÉRREZ

Letrado da Administración da Seguridade Social e letrado asesor da Universidade da Coruña

Resumo

O traballo trata a cuestión dos xuros de mora procesual que están previstos no artigo 576 da Lei de axuizamento civil desde a perspectiva da execución de sentenzas fronte á Administración da Seguridade Social, partindo da doutrina do Tribunal Constitucional que se referiu a esta materia e facendo mención ás sentenzas do Tribunal Supremo que se fixeron eco desta. Analízanse os aspectos referidos á determinación do *dies a quo* a partir do cal se xeran os xuros procesuais, a contía dos xuros procesuais a cargo da Administración e a incidencia do prazo de tres meses con que conta a Administración para proceder ao pagamento das cantidades debidas. Faise referencia tamén aos distintos supostos que poden xurdir ao aplicar o artigo 576 da Lei de axuizamento civil.

Palabras chave: proceso laboral, xuros procesuais, execución de sentenzas, Seguridade Social, prescrición.

Abstract

This work discusses the issue provided for in article 576 of the Code of Civil Procedure from the point of view of the execution of judgments against the Social Security Administration, based on the doctrine from the Constitutional Court and Supreme Court which have explained this subject. It discusses the aspects relating to the determination of the «dies a quo» from which procedural interest is produced, the amount of legal interest by the Administration and the Administration three-month period available to pay the amounts owed. It also refers to the different cases that may show when we apply article 576 of the Code of Civil Procedure.

Keywords: *work proceeds, legal interest, judgments' executions, social security, prescription.*

1. Introducción

O traballo trata a cuestión dos xuros de mora procesual previstos no artigo 576 da Lei de axuizamento civil desde a perspectiva da execución de sentenzas fronte á Administración da Seguridade Social, partindo da doutrina do Tribunal Constitucional que se referiu a esta materia e facendo mención ás sentenzas do Tribunal Supremo que se fixeron eco desta. Analízanse os aspectos referidos á determinación do *dies a quo* a partir do cal se xeran os xuros procesuais, a contía dos xuros procesuais a cargo da Administración e a incidencia do prazo de tres meses con que conta a Administración para proceder ao pagamento das cantidades debidas. E faise referencia, en fin, tamén aos distintos supostos que se poden formular ao aplicar o artigo 576 da Lei de axuizamento civil¹, segundo o cal: 1) «desde que fose ditada en primeira instancia, toda sentenza ou resolución que condene ao pagamento dunha cantidade de diñeiro líquida determinará, en favor do acredor, a remuneración dun xuro anual igual ao do xuro legal do diñeiro incrementado en dous puntos ou o que corresponda por pacto das partes ou por disposición especial da lei²»; 2) «nos casos de revogación parcial, o tribunal resolverá sobre os xuros de mora procesual conforme ao seu prudente arbitrio, razoándoo para o efecto³»; e 3) «o establecido nas anteriores epígrafes será de aplicación en todo tipo de resolucións xudiciais de calquera orde xurisdiccional que conteñan condena ao pagamento de cantidade líquida, salvo as especialidades legalmente previstas para as facendas públicas⁴».

E é que este precepto e aqueles a que se remite na última epígrafe como especialidades que rexen para as facendas públicas deron lugar a numerosos pronunciamentos do Tribunal Constitucional que determinaron a interpretación que se lles debe dar de conformidade co artigo 14 da Constitución. Polo demais, é preciso sinalarmos que os xuros a que alude o artigo 576 da Lei de axuizamento civil viñeron denominándose tradicionalmente xuros procesuais ou xuros legais, a diferenza dos previstos no artigo 1108 do Código civil⁵, que se denominan xuros moratorios. Así mesmo, hase de indicar que o artigo 576 da Lei de axuizamento civil ten un contido equivalente ao do

¹ BOE de 8 de xaneiro de 2000.

² Véxase a epígrafe 1 do artigo 576 da LAC.

³ *Ibidem*, epígrafe 2.

⁴ *Ibidem*, epígrafe 3.

⁵ Artigo 1108 do Código civil: «Se a obriga consistise no pagamento dunha cantidade de diñeiro e o debedor incorrese en mora, a indemnización de danos e prexuízos, non habendo pacto en contrario, consistirá no pagamento dos xuros convidos, e a falta de convenio, no xuro legal».

artigo 921 da Lei de axuizamento civil de 1881 derrogada, en relación co cal se ditou o maior número de resolucións xudiciais acerca do sentido que se lle debe dar a este. E o mesmo ocorre coa norma que regulaba as especialidades previstas para a Facenda pública a respecto do pagamento de xuros legais, que era o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro⁶, cuxo contido pasou ao artigo 24 da Lei xeral orzamentaria 47/2003, de 26 de novembro⁷.

2. *Iura novit curia*

O primeiro que se debe dicir no tocante aos xuros procesuais é que nacen *ope legis* e non requiren un pedimento expreso para se produciren nin que se realice un pronunciamento expreso sobre eles na resolución da sentenza que condena ao pagamento dunha cantidade de diñeiro líquida. Neste sentido, a sentenza do Tribunal Constitucional 167/1985, de 10 de decembro, di que a sentenza non infrinxe o dereito á tutela xudicial efectiva (artigo 24 da Constitución) se non fai referencia aos xuros que están establecidos no artigo 921 da Lei de axuizamento civil, porque «nacendo eses xuros non dunha sentenza declarativa, senón por imperativo da lei⁸, e sendo obrigatorio o coñecemento da lei por parte dos órganos inseridos no poder xudicial (que iso e non outra cousa significa o brocardo *iura novit curia*), nin fai falta pedir o que a lei manda, nin comete incongruencia o xuíz que silencia un *petitum* de tal natureza⁹».

Como o propio Tribunal Constitucional precisa: «Os xuros do artigo 921 da Lei de axuizamento civil nacen, neste caso, desde que o propio xuíz da instancia condenou ao pagamento da cantidade líquida (...), e nacerían, incluso, aínda que o demandante non os pedise, e poderá esixilos, en caso de non se pagar de xeito inmediato a condena principal, a partir da data da sentenza de instancia, pois a consecuencia que a norma

⁶ BOE de 29 de setembro.

⁷ BOE de 27 de novembro.

⁸ Parágrafo cuarto do artigo 921 da LAC de 1881: «Cando a resolución condene ao pagamento dunha cantidade líquida, esta xerará en favor do acredor, desde que aquela fose ditada en primeira instancia até que sexa totalmente executada, un xuro anual igual ao do xuro legal do diñeiro incrementado en dous puntos, ou o que corresponda por pacto das partes, ou disposición especial, salvo que interposto o recurso a resolución fose totalmente revogada. Nos casos de revogación parcial, o Tribunal resolverá conforme ao seu prudente arbitrio, razoándoo para o efecto».

⁹ Véxase o fundamento xurídico único, parágrafo segundo, da Sentenza do Tribunal Constitucional 167/1985, de 10 de decembro.

legal (artigo 921, cuarto, da Lei de axuízamento civil) anoa á condena a cantidade líquida, isto é, o nacemento en favor do acredor dun xuro anual igual ao xuro legal incrementado en dous puntos, non necesita ser obxecto dun pedimento da demanda¹⁰».

3. Especialidades legalmente previstas para a Facenda pública

O artigo 24 da Lei 47/2003 xeral orzamentaria, de 26 de novembro¹¹, establece que «se a Administración non lle pagase ao acredor da Facenda pública estatal dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial ou do recoñecemento da obriga, terá que lle aboar o xuro sinalado no artigo 17 epígrafe 2 desta lei, sobre a cantidade debida, desde que o acredor, unha vez transcorrido o devandito prazo, reclame por escrito o cumprimento da obriga¹²».

O anterior precepto resulta tamén aplicable á Administración da Seguridade Social en virtude da remisión que hai que entender que se fai a este no artigo 85 da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada por Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño¹³, segundo o cal, aos bens e aos dereitos do patrimonio da Seguridade Social sonlles de aplicación os artigos 44, 45 e 46 do Real decreto lexislativo 1091/1988, de 23 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral orzamentaria¹⁴.

As dúbidas interpretativas que suscitou o artigo 24 da Lei 47/2003 xeral orzamentaria (antigo artigo 45 da Lei xeral orzamentaria de 1988) basicamente referíronse a tres cuestións: 1) o *dies a quo* a partir do cal se xeran os xuros procesuais; 2) a contía dos xuros procesuais a cargo da Administración; e c) o alcance das expresións sobre a necesidade de que transcorra un prazo de tres meses e de que se produza a reclamación por escrito do acredor.

¹⁰ *Ibidem*, fundamento xurídico único, parágrafo 2.

¹¹ BOE de 27 de novembro.

¹² Véxase o parágrafo primeiro do art. 24 da Lei 47/2003 xeral orzamentaria.

¹³ BOE do 29 de xuño.

¹⁴ O artigo 45 da Lei xeral orzamentaria de 1988 di: «Se a Administración non lle pagase ao acredor da Facenda Pública dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial ou do recoñecemento da obriga, terá que lle aboar o xuro sinalado no artigo 36, parágrafo segundo, desta lei, sobre a cantidade debida, desde que o acredor reclame por escrito o cumprimento da obriga».

3.1. *Dies a quo* a partir do cal se xeran os xuros procesuais

En relación coa primeira das cuestións, expoñía o antigo artigo 45 da Lei xeral orzamentaria de 1988 a dúbida de se a remuneración dos xuros a cargo da Administración se producía desde que se dita a sentenza de primeira instancia ou desde que a sentenza queda firme. Sobre isto pronunciouse o Tribunal Constitucional na Sentenza 69/1996, de 18 abril, e resolveu que o *dies a quo* a partir do cal se produce a remuneración de xuros de mora procesual é o da data da sentenza ditada en primeira instancia.

Para chegar á anterior conclusión, o Tribunal Constitucional tivo en conta o que está establecido no artigo 921 da Lei de axuízamento civil de 1881, a partir do cal constata que «é un dato e aquí non hai dúbida ningunha pola claridade meridiana do texto, que de ser debedor calquera cidadán e acreedora a Administración pública, cando a resolución condene ao pagamento dunha cantidade líquida esta xerará xuros en favor do acredor, desde que aquela fose ditada en primeira instancia até que sexa totalmente executada» (artigo 921, parágrafo cuarto, da Lei de axuízamento civil de 1881)¹⁵.

Non obstante, comproba o Tribunal Constitucional que, «na situación oposta, de pesar a obriga de pagar sobre a Facenda, o texto é ambiguo por impreciso, xa que a remuneración se pon no día en que fose notificada a resolución xudicial (artigo 45 da Lei xeral orzamentaria), sen aclarar se é a de instancia ou a ditada en vía de recurso nin por tanto se ha de ser firme ou non¹⁶».

Para resolver o problema, o Tribunal Constitucional parte das consideracións que fixo na Sentenza 206/1993, de 22 de xuño, sobre a función indemnizatoria que cumpren os xuros de mora procesual, en que sinala que «a efectividade da tutela xudicial, garantida constitucionalmente, esixe non só que se cumpra a resolución, a parte dispositiva da sentenza ou dos autos ditados para a súa execución, nos procedementos arbitrados para o efecto en cada orde xurisdiccional, senón que o gañador consiga o restablecemento pleno do seu dereito, até a *restitutio in integrum*, na cal se comprende a compensación polo dano sufrido (STC 32/1982). Neste sentido actúa o xuro de mora, cuxa función exclusiva é esa, á marxe da eventual actualización monetaria para restablecer a depreciación permanente (...). Non se trata, por iso, de “conservar o valor nominal consig-

¹⁵ Véxase o fundamento xurídico 4.º, parágrafo primeiro, da Sentenza do Tribunal Constitucional 69/1996, de 18 de abril.

¹⁶ *Ibidem*, fundamento xurídico 4.º, parágrafo primeiro.

nado na resolución xudicial” (STC 114/1992), senón de indemnizar o acreedor impagado o lucro cesante, dándolle o que puidese obter en circunstancias normais da cantidade líquida que se lle debe¹⁷».

Atendendo a esta finalidade, entende o Tribunal Constitucional que os xuros procesuais son unha esixencia material de xustiza, principio reitor do noso estado de dereito e que, por este motivo «ha de ser rexeitada de plano a posibilidade de que o cidadán, cando trate coas administracións públicas e sexa o seu acredor, resulte peor tratado por non conseguir a íntegra compensación dun dereito de crédito recoñecido xudicialmente¹⁸».

A anterior afirmación susténtaa o Tribunal Constitucional na idea de que tal situación configuraría «un réxime xurídico desigual cun resultado cuantitativo distinto para un mesmo suposto de feito, en función da distinta condición do suxeito acredor, *intuitu personae*, desigualdade que por carecer dun fundamento obxectivo que o xustifique pode ser cualificada como discriminatoria¹⁹». E no caso que analiza estima que «non hai unha razón constitucionalmente relevante para xustificar un distinto tratamento na remuneración do xuro de mora, segundo a posición que ocupe a Facenda pública e só por ela²⁰». A razón que leva ao Tribunal Constitucional a realizar o anterior pronunciamento estriba en que «unha vez perfeccionada a relación xurídica, calquera que foren a súa natureza, pública ou privada e a súa orixe ou fonte, a autonomía da vontade ou a lei e mesmo aínda que for o reflexo final do exercicio dunha potestade como a tributaria ou a sancionadora, a Facenda é xa un dos seus suxeitos activo ou pasivo, sen unha posición preeminente nin prerrogativa exorbitante ningunha²¹».

O anterior razoamento levaría o Tribunal Constitucional a declarar a inconstitucionalidade do artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, se se entendese que este establece como data a partir da cal se xeran xuros de mora procesual a da sentenza firme que resolve o recurso. Porén, chega a unha interpretación do precepto conforme coa Constitución, integrándoo no sector do ordenamento que regula a execución de sentenzas, e poñéndoo en relación co artigo 921 da Lei de axuízamento civil que recolle explicitamente

¹⁷ Véxase o fundamento xurídico 2.º, parágrafo cuarto, da Sentenza do Tribunal Constitucional 206/1993, de 22 de xuño

¹⁸ Véxase o fundamento xurídico 5.º da Sentenza do Tribunal Constitucional 69/1996, de 18 de abril.

¹⁹ *Ibidem*, fundamento xurídico 4.º, parágrafo segundo.

²⁰ *Ibidem*, fundamento xurídico 5.º.

²¹ *Ibidem*, fundamento xurídico 5.º.

un mesmo suposto de feito abstracto cunha mesma finalidade e por iso baixo unha mesma *ratio* ou criterio regulador, mais desde outro dos suxeitos, o cidadán. Segundo este precepto, a resolución a partir da cal han de correr os xuros é a de primeira instancia. Di neste sentido o Tribunal Constitucional que «iluminado un precepto –artigo 45 da Lei xeral orzamentaria– polo seu correlativo –artigo 921 da Lei de axuizamento civil– compoñentes ambos dunha mesma estrutura normativa, a conclusión así obtida respecta escrupulosamente o principio de igualdade, sen introducir discriminación ningunha. A posición equivalente e reversible dos suxeitos da relación xurídica substantiva produce un resultado común. Outra solución levaría a fomentar o exercicio indiscriminado do dereito aos recursos pola Facenda pública²²».

De acordo coa Sentenza do Tribunal Constitucional 69/1996, de 18 abril, é claro que ditada unha sentenza que conteña un pronunciamento de condena ao pagamento dunha cantidade de diñeiro líquida, esta xera o xuro legal do diñeiro en favor do acreedor, e calquera que for o debedor, desde a data da sentenza de primeira instancia.

Con todo, a pesar do anterior pronunciamento do Tribunal Constitucional, no sentido de que os xuros procesuais se xeran desde a data da sentenza de primeira instancia, a Sala do Social do Tribunal Supremo, na Sentenza de 7 de novembro de 2007²³, declara que o *dies a quo* do cómputo dos xuros procesuais é o da «notificación» da resolución de instancia e non o da data desta²⁴.

3.2. Contía dos xuros procesuais a cargo da Administración

En relación coa segunda cuestión sobre os xuros procesuais, trátase de saber se a Administración está obrigada a pagar o incremento de dous puntos sobre o tipo do xuro legal, previsto no artigo 576.1 da Lei de axuizamento civil.

O antigo artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, e o actual artigo 24, en materia de pagamento de xuros legais polo atraso da Administración no cumprimento das obrigas, tan só recollía o aboamento do xuro legal do diñeiro sen ningún incremento, o que foi declarado conforme coa Constitución pola Sentenza do Tribunal Constitucional 206/1993, de 22 de xuño.

²² *Ibidem*, fundamento xurídico 6.º.

²³ Recurso de casación para a unificación da doutrina n.º 3780/2006.

²⁴ Véxase o fundamento de dereito 3.º da Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Social) de 7 de novembro de 2007 (rec. n.º 3780/2006).

Segundo esta sentenza, non son iguais as situacións da Facenda pública e dos demais no que concirne ao cumprimento das sentenzas que condenan ao pagamento dunha cantidade, «por estar sometido o Estado e as entidades integrantes do sector público ao réxime de contabilidade pública (artigo 122 da Lei xeral orzamentaria), como principio reitor da súa actividade, que leva consigo un sen número de formalidades, concibidas como garantías da intanxibilidade dos caudais públicos, dentro dunhas canles máis rixidas que nos demais sectores das Administracións públicas²⁵».

Tendo en conta a anterior circunstancia, o Tribunal Constitucional di que «non é a posición preeminente da Facenda pública, personificación sectorial da Administración, como titular de potestades e prerrogativas, o dato determinante do diferente tratamento a respecto dos xuros procesuais en execución das sentenzas, senón ao contrario, a minusvalía derivada dos principios de legalidade e de contabilidade pública aos cales aparece sometida constitucionalmente, que condicionan a súa actuación e obstaculizan a axilidade de movementos moi por debaixo do nivel dos particulares no exercicio da súa liberdade (autonomía da vontade no campo xurídico). En definitiva, prodúcese sempre, houber ou non consignación orzamentaria, unha demora inercial ou institucional, achacable ao sistema de garantías para o correcto manexo dos diñeiros públicos que se traduce nun procedemento inzado de cautelas, en beneficio de todos, demora, pois, que non é imputable á Administración pública nin aos seus axentes. Non se trata dunha tardanza caprichosa ou arbitraria, senón que finca a súa raíz en razóns profundas dos intereses xerais aos cales ha de servir a Administración e nas características obxectivables desta. Se iso se pon en relación co carácter punitivo, sancionador ou disuasorio da recarga de dous puntos cuestionada, resulta que esa demora inmanente non pode ser chamada «mora» nun sentido rigorosamente xurídico, pois tal cualificación non corresponde propiamente a calquera atraso, senón ao atraso culpable en cumprir a prestación debida, segundo foi definida xurisprudencialmente sen desmaio ningún, conformando doutrina legal ao respecto co valor normativo complementario que lle asigna o Código civil (artigo 1.6)²⁶».

En consecuencia, considera o Tribunal Constitucional que a diferenza de tratamento consistente en non lle esixir á Administración o incremento de dous puntos sobre o tipo do xuro legal cando se produce un atraso no cumprimento das súas obrigas está xustificada, é obxectiva e razoable e non arbitraria, artificiosa ou discriminatoria.

²⁵ Véxase o fundamento xurídico 4.º, parágrafo primeiro, da Sentenza del Tribunal Constitucional 206/1993, de 22 de xuño.

²⁶ *Ibidem*, fundamento xurídico 4.º, parágrafo terceiro.

3.3. Alcance das expresións que utiliza o artigo 24 da Lei xeral orzamentaria sobre a necesidade de que transcorra un prazo de tres meses desde a notificación da sentenza, e se produza a reclamación por escrito do acreedor, para que xurda a obriga de pagar xuros por parte da Administración

A Sentenza do Tribunal Constitucional 23/1997, de 11 de febreiro, trata a interpretación destas cuestións, que son as mesmas que as que formulaba o antigo artigo 45 da Lei xeral orzamentaria como especialidades da Facenda pública en materia de pagamento dos xuros de mora, isto é, a necesidade de que se produza a notificación da resolución xudicial, o transcurso dun prazo de tres meses e a esixencia da interposición por escrito do acreedor.

Segundo a anterior sentenza, unha interpretación do artigo 45 da Lei xeral orzamentaria acorde co dereito constitucional de igualdade debe dar como resultado que o particular logre a íntegra satisfacción do seu dereito, o que se consegue percibindo os xuros durante o tempo que estivo privado da cantidade debida, incluído o período de tres meses a que alude o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, isto é, polo que á aplicación do artigo 576 da Lei de axuízamento civil se refire, desde que a sentenza de primeira instancia se dita.

Ao respecto, o Tribunal Constitucional declara que: «debe terse en conta que o que aquí se axuíza non é o outorgamento á Facenda pública dun prazo de tres meses para proceder ao cumprimento da sentenza desde a data da súa notificación, doadamente xustificable polo seu sometemento a un estrito réxime orzamentario. O que temos que resolver é se pode admitirse, como compatible co artigo 14 da Constitución, un entendemento do artigo 45 da Lei xeral orzamentaria (...) conforme ao cal a Administración non incorre en mora “interim non transcorresen os prazos que establece o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, que esixe que transcorran tres meses desde a notificación da sentenza ou o recoñecemento da obriga de pagamento, e a posterior reclamación do interesado²⁷” (fundamento de dereito cuarto)».

O Tribunal Constitucional estima que non é posible atopar ningún ben ou principio constitucional cuxa protección esixa ese tratamento privilexiado ante a necesaria igualdade que debe existir entre a Administración e o particular unha vez que se perfecciona a relación xurídica e a esixencia de efectividade da tutela xudicial garantida

²⁷ Véxase o fundamento xurídico 5.º, parágrafo segundo, da Sentenza do Tribunal Constitucional 23/1997, de 11 de febreiro.

constitucionalmente en orde a que o gañador consiga o restablecemento pleno do seu dereito até a *restitutio in integrum*.

Se se lle negan ao particular os xuros xerados durante este período –di o Tribunal Constitucional– de ningún xeito conseguirá a plena satisfacción do seu dereito, pois, ao ter que acudir ao proceso para lograr o seu recoñecemento, o tempo empregado para iso xerará de seu uns prexuízos que quedarán sen resarcir.

Conclúe o Tribunal Constitucional na sentenza comentada que «a constatada vulneración do principio de igualdade non trae necesariamente causa do disposto no precepto legal aplicado, o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, de tal modo que nos atopásemos no suposto previsto no artigo 55.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional», senón que, «como se declarou na xa citada STC 69/1996, no mencionado precepto “manéxanse dúas situacións diferentes que orixinan outras tantas clases de xuros. Unha comprende o que, con carácter indemnizatorio, compensa a mora ou atraso no pagamento, como complemento dunha prestación de dar unha cantidade de diñeiro (artigo 1100 do Código civil), e a súa remuneración prodúcese, con ou sen sentenza, cando se perfecciona a obriga que os orixina. Outra, o chamado xuro procesual” (fundamento xurídico primeiro). Sendo iso así, é claro que, por máis que sexan factibles interpretacións do precepto considerado, como a que aquí se fixo, que serían contrarias ao artigo 14 da CE, a súa mera posibilidade non chega de ningún xeito a excluír, antes ao contrario, outras interpretacións acordes co dereito fundamental á igualdade, de tal modo que non cabe imputar ao lexislador o resultado discriminatorio producido²⁸».

Esta sentenza, ao outorgar o amparo ao recorrente, nega unha interpretación do artigo 45 da Lei xeral orzamentaria no sentido de que a Administración non incorre en mora interim non transcorresen os prazos que establece o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, que esixe que pasen tres meses desde a notificación da sentenza, ou recoñecemento da obriga de pagamento, e a posterior reclamación do interesado. No seu lugar, propugna unha interpretación deste no sentido de que o particular ten dereito a percibir os xuros durante o tempo que estivo privado da cantidade debida, o que, en consecuencia, debe incluír o período de tres meses a que alude o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria.

²⁸ *Ibidem*, fundamento xurídico 6.º.

Coa doutrina contida na anterior sentenza parece entrar en contradición a Sentenza do Tribunal Constitucional 157/2005, de 20 de xuño, en que se declara que non contravén a doutrina constitucional sobre o artigo 45 da Lei xeral orzamentaria a resolución xudicial que rexeita o pedimento de xuros cando a Administración, tomando como referencia a sentenza de instancia, aboa as cantidades debidas dentro do prazo dos tres meses de que dispón para iso. Neste caso considérase que o prazo de tres meses para cumprir a resolución xudicial se xustifica polo sometemento da Administración a un estrito réxime orzamentario, e que se aboa a débeda dentro do prazo expresado, non incorre en mora²⁹.

Pola súa banda, a Sala do Social do Tribunal Supremo, na súa sentenza con data de 11 de decembro de 2007³⁰, declara que os xuros se deben desde a data de notificación da sentenza de primeiro grao. Segundo esta sentenza o prazo de tres meses que a Lei xeral orzamentaria lle concede á Administración Tributaria non significa que ese tempo deba ser excluído do cómputo dos xuros, senón que ten como finalidade facilitarlle á Administración o control do gasto e conceder a autorización pertinente para o aboamento da débeda, ora ben, nada máis, por iso a sentenza desa sala de 13 de decembro de 2002 fala de prazo de graza de tres meses³¹.

Conforme ás anteriores sentenzas é posible distinguirmos dous momentos no artigo 24 da Lei xeral orzamentaria: a) o do comezo da xeración dos xuros, que é o da sentenza ditada na primeira instancia; e b) o da esixibilidade de tales xuros, que se produce cando a sentenza é firme e transcorreron tres meses desde que a sentenza de primeira instancia se dita sen que se realizase o pagamento, de modo que, se a Administración paga a cantidade adebedada dentro dos tres meses seguintes á data en que fose ditada a sentenza en primeira instancia, non está obrigada ao pagamento dos xuros legais por non lle seren esixibles.

En consecuencia, o dito prazo de tres meses é o tempo con que a Administración conta, desde que se dita a sentenza de primeira instancia, para cumprir as sentenzas que a condenan ao pagamento dunha cantidade, transcorrido o cal sen que a sentenza se cumpra, xorde a obriga de pagar xuros, sen que se poidan reclamar até que a sentenza sexa firme.

²⁹ Véxase o fundamento xurídico 6.º, en relación co fundamento xurídico primeiro, da STC 157/2005, de 20 de xuño.

³⁰ Recurso de casación para a unificación da doutrina n.º 1513/2007.

³¹ *Ibidem*, fundamento de dereito 2.º.

Non obstante, creo que tamén son posibles outras interpretacións do artigo 24 da Lei xeral orzamentaria no sentido de que os xuros se xeran en todo caso desde que se dita a sentenza de primeira instancia, sen que se poida esixir ou instar a súa execución até transcorridos tres meses desde que a sentenza firme sexa comunicada ao órgano que a deba cumprir³².

4. Regulación legal da execución de sentenzas que condenan a Administración da Seguridade Social ao pagamento dunha prestación

As prestacións da Seguridade Social poden consistir en cantidades a tanto alzado (incapacidade permanente parcial, indemnización por lesións permanentes non-invalidantes, indemnización a favor dos familiares do traballador morto por accidente de traballo ou enfermidade profesional) ou en prestacións periódicas vitalicias (pensións, as que se recoñecen nos casos de incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade).

Nos procesos que versen sobre o recoñecemento ou a denegación do dereito a obter prestacións da Seguridade Social, as sentenzas que se diten son susceptibles de recurso de suplicación conforme ao artigo 189.1 c) da Lei de procedemento laboral³³.

A execución provisional de sentenzas condenatorias en materia de Seguridade Social regúlase nos arts. 292 a 294 da Lei de procedemento laboral, en que se distingue entre as prestacións que son de pagamento periódico (artigo 292 da Lei de procedemento laboral) e as que son de pagamento único (artigo 293 da Lei de procedemento laboral). Cando a sentenza lle recoñeza ao beneficiario o dereito a percibir unha prestación de pagamento periódico, se se recorre, ten que se aboar a prestación «durante a tramitación do recurso» (artigos 192.4 e 292.1 da Lei de procedemento laboral).

No tocante aos atrasos que se xeran desde a data do feito causante da prestación até que comeza o seu aboamento pola Administración durante a tramitación do recurso, só se fan efectivos se a sentenza que resolve o recurso é favorable ao beneficiario, sen que se poida formular a execución provisional deses atrasos, por ser as únicas conde-

³² Véxase a Sentenza do Tribunal Constitucional 81/2003, de 30 de abril, e o artigo 106 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

³³ Real decreto lexislativo 2/1995, de 7 de abril. BOE de 11 de abril.

nas a cantidades a tanto alzado que a Lei de procedemento laboral permite executar provisionalmente en materia de Seguridade Social as que deriven de prestacións de pagamento único (artigo 293 da Lei de procedemento laboral). É por iso que no caso de sentenzas que condenan ao pagamento de prestacións de aboamento periódico, os atrasos só se liquidan cando a sentenza de instancia favorable ao beneficiario é firme.

A doutrina do Tribunal Constitucional contida na Sentenza 69/1996, de 18 abril, esixe interpretar os artigos 576 da Lei de axuizamento civil e 24 da Lei xeral orzamentaria no sentido de que a Administración que recorre a sentenza de primeira instancia que a condena ao pagamento dunha prestación debe satisfacer, no caso de se desestimar o recurso, os xuros legais correspondentes aos atrasos da pensión ou da prestación de pagamento único que non foi executada provisionalmente, sen o incremento dos dous puntos previsto no artigo 576 da Lei de axuizamento civil desde a data da sentenza de primeira instancia.

A circunstancia de que o recurso de suplicación produza efectos suspensivos a respecto dos atrasos da pensión non impide a aplicación do artigo 576 da Lei de axuizamento civil. Por un lado, porque a finalidade deste artigo é a de reparar os prexuízos que o atraso no cumprimento da condena poida producirlle ao acredor executante. Polo outro, porque a propia Lei de axuizamento civil recolle supostos de suspensión da execución, en que supedita a súa concesión a que se preste caución suficiente para responder da demora na execución (artigo 528.3 da Lei de axuizamento civil). E, por último, porque o artigo 576 da Lei de axuizamento civil non fai ningunha salvidade canto á esixibilidade dos xuros desde que se dita a sentenza de primeira instancia, polo que debe entenderse que estes se xeran en todo caso.

5. Suxeitos responsables do pagamento dos xuros de mora procesual

Á parte da función indemnizatoria en favor do acredor, os xuros procesuais tamén teñen unha misión disuasoria da interposición de recursos (chámaseselles por esta razón igualmente xuros sancionadores ou punitivos), co fin de lle pór couto á masificación de asuntos nos órganos xudiciais por un uso abusivo do proceso³⁴.

³⁴ Véxase o fundamento xurídico 3.º da Sentenza do Tribunal Constitucional 206/1993, de 22 de xuño.

En coherencia coa función que se lles asigna aos xuros procesuais, o único suxeito obrigado ao seu pagamento haberá de ser quen, sendo parte no proceso e figurando como debedor na sentenza, interpuxese un recurso contra esta que demore o seu cumprimento definitivo. E iso con independencia da posibilidade que recolle o artigo 538.2 da Lei de axuizamento civil de que se poida despachar execución fronte a «quen, sen figurar como debedor no título executivo, responda persoalmente da débeda por disposición legal ou en virtude de afianzamento acreditado mediante documento público». O responsable do cumprimento da débeda por disposición legal ou en virtude de afianzamento non debe responder do pagamento dos xuros procesuais se non é quen coa súa conduta, ao interpor o correspondente recurso, demorou o cumprimento da obriga.

No caso das prestacións económicas da Seguridade Social, a Lei xeral da Seguridade Social³⁵ recolle distintos suxeitos responsables destas, tales como o INSS como entidade xestora, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as empresas como entidades colaboradoras a respecto de determinadas prestacións³⁶, sen prexuízo da responsabilidade en que poidan incurrir estas últimas no caso de incumprimento de obrigas en materia de Seguridade Social conforme ao artigo 126 do mesmo texto legal.

Tratándose de prestacións periódicas vitalicias, cando o suxeito responsable é o INSS, esta entidade xestora satisfai a prestación ao seu cargo (artigo 57.1.a da Lei xeral da Seguridade Social). Cando o suxeito responsable é a mutua, a prestación satisfaina igualmente o INSS, mais con cargo a esa entidade colaboradora, razón de que esta última deba ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social o capital importe da pensión (artigos 87.3 e 201.1 da Lei xeral da Seguridade Social).

Doutra banda, calquera que sexa o suxeito responsable do pagamento da pensión (o INSS ou a mutua), ao beneficiario abóaselle a prestación durante a tramitación do recurso, sen que veña obrigado a devolver ningunha cantidade no caso de que se revogue a sentenza de instancia (artigos 192 e 292 da Lei de procedemento laboral). Como se ve, a respecto do beneficiario da prestación periódica non hai nada que particularice a súa situación en función de quen sexa o suxeito responsable, o INSS ou a mutua.

³⁵ Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de xuño. BOE de 29 de xuño.

³⁶ *Ibidem*, artigos 57.1.a), 68 e 77.

Porén, a Sala do Social do Tribunal Supremo na súa sentenza con data de 11 de marzo de 2002³⁷ estima o recurso interposto pola mutua recorrente e declara que as mutuas non veñen obrigadas ao pagamento dos xuros de mora procesual previstos no artigo 921 da anterior Lei de axuízamento civil de 1881 nos casos de condena a prestacións periódicas vitalicias polo seguinte: 1) «porque aínda que a sentenza condena a mutua ao aboamento da pensión, o certo é que esta é unha fórmula que non acaba de se ater aos termos legais, xa que aínda que a mutua sen dúbida é responsable, da pensión causada, o seu aboamento non o pode realizar ela directamente, xa que a súa responsabilidade se concreta en constituír na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, até o límite da súa responsabilidade, o valor actual do capital custo da pensión (...) segundo prevén o artigo 65.1 do Real decreto 1993/1995 polo que se aproba o Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais na xestión da Seguridade Social. A propia Lei de procedemento laboral no seu artigo 192, ao regular o recurso de suplicación dos condenados ao pagamento de prestacións da Seguridade Social, establece que para poder recorrer será necesario que ingresasen na Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente o capital importe da prestación declarada na resolución, co obxecto de aboala durante a substanciación do recurso. Para iso, unha vez anunciado o recurso, o xuíz ditará providencia para que a entidade xestora ou servizo común fixe o importe da pensión que se ha de percibir. Destes preceptos dedúcese con claridade –di o TS– que as mutuas, no suposto de prestacións periódicas, non son condenadas ao pagamento da cantidade líquida da pensión recoñecida –a pesar das fórmulas defectuosas das resolucións–, senón á constitución do capital custo, que nin fixa a sentenza nin pode fixar por depender de cálculos actuariais que debe realizar a entidade xestora ou o servizo común³⁸»; 2) «porque a interposición do recurso de suplicación non priva a parte beneficiaria do aboamento da prestación durante a súa tramitación, aboamento que non terá que devolver aínda que a sentenza de instancia sexa revogada –artigos 192 e 292 da Lei de procedemento laboral³⁹»; e 3) «porque a constitución do capital custo, cos xuros, se procedesen, libera plenamente da súa obriga e responsabilidade a mutua que o constituíe⁴⁰».

³⁷ Recurso de casación para a unificación da doutrina n.º 1107/2000.

³⁸ *Ibidem*, Fundamento de dereito 3.º.

³⁹ *Ibidem*.

⁴⁰ *Ibidem*.

Por todo iso –conclúe– é claro que nin a sentenza condena a mutua a cantidade líquida, nin a mutua está obrigada ao pagamento directo e inmediato da pensión, prestación que de levarse a cabo non a liberaría da súa responsabilidade, senón á constitución dun capital que a libera plenamente das súas responsabilidades, polo que nunca lle é aplicable nas prestacións periódicas vitalicias o artigo 921 da precedente Lei de axuizamento civil⁴¹.

Ao resolver outro recurso sobre o mesmo tema, a Sala do Social do Tribunal Supremo na Sentenza de 18 de marzo de 2004⁴² reproduce os razoamentos da anterior e conclúe sinalando que, se o actor entende que ten dereito ao cobramento de xuros por non se lle aboar os atrasos da pensión até despois de ditarse a sentenza de suplicación, «debe dirixirse á Tesouraría Xeral da Seguridade Social⁴³».

A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aplica a anterior doutrina e na súa sentenza con data de 3 de febreiro de 2006⁴⁴ resolve que quen debe pagar os xuros procesuais como consecuencia dun recurso interposto pola mutua é a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

En relación cos anteriores pronunciamentos do Tribunal Supremo cabería dicir que se lle nega ao beneficiario da prestación periódica o dereito aos xuros de mora procesual cando o suxeito responsable é unha mutua, idéntico debe ser o pronunciamento (se non se quere incorrer en contradición coa doutrina unificada do propio Tribunal) cando o suxeito responsable é o INSS, posto que nos atopamos ante litigantes en idéntica situación, e ante feitos, fundamentos e pretensións substancialmente iguais. Calquera outra solución para un mesmo suposto de feito, xustificada unicamente por quen sexa o suxeito debedor (*intuitu personae*), entrañaría unha desigualdade que, por carecer de fundamento obxectivo, podería ser cualificada como discriminatoria⁴⁵.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo citada que exige as mutuas do pagamento dos xuros legais contravén a doutrina do Tribunal Constitucional contida nas sentenzas 69/1996 e 206/1993 xa comentadas, por non ter en conta que unha das finalidades que

⁴¹ *Ibidem*.

⁴² Recurso de casación para a unificación da doutrina n.º 1406/2003.

⁴³ *Ibidem*, fundamento de dereito 5.º.

⁴⁴ Recurso de suplicación n.º 4940/2005.

⁴⁵ Véxase o fundamento xurídico 4.º, parágrafo segundo, da Sentenza do Tribunal Constitucional 69/1996, de 18 de abril.

segundo as indicadas sentenzas corresponde ao artigo 576 da Lei de axuízamento civil é conseguir a pronta execución das sentenzas onde se recoñece unha débeda e disuadir da interposición de recursos, todo iso mediante a imposición dos xuros procesuais á parte do proceso que recorra a sentenza de instancia (que no caso das mutuas ou empresas o sería ademais co incremento dos dous puntos sobre o tipo do xuro legal)⁴⁶.

Ademais, a respecto do traballador, a sentenza que condena a mutua ao pagamento dunha prestación de Seguridade Social, si que contén unha condena ao pagamento dunha cantidade líquida, a que resulta do importe da pensión, e iso con independencia da forma en que teña que se instrumentalizar ese pagamento en función do sistema financeiro establecido polo ordenamento para as prestacións de que son responsables as mutuas, que é o de capitalización do importe da prestación (artigo 87.3, parágrafo primeiro, da Lei xeral da Seguridade Social).

Tal e como resolve a cuestión o Tribunal Supremo, as mutuas de accidentes de traballo, a pesar de recorrer e ser desestimado o recurso contra a sentenza de primeira instancia, resultan indemnes por esta actuación, en contra da vontade da lei que quere que nestes casos se lle satisfaga ao acreedor, con cargo ao recorrente, o xuro legal incrementado en dous puntos sobre a cantidade líquida obxecto da condena.

O argumento de que coa constitución do capital custo importe da prestación a mutua queda liberada de responsabilidade débese entender referido á liberación de responsabilidade canto á constitución do devandito capital, mais non a respecto dos xuros legais que só se poden impor a quen interpuxo o recurso. Os xuros de capitalización que ingresa a mutua xunto co importe do capital cumpren unha función de estabilización do valor do devandito capital, e non de indemnización polo atraso no cumprimento dunha obriga. Co cálculo do capital custo trátase de obter o valor actual da prestación e non o que tiña na data do feito causante⁴⁷.

⁴⁶ O Tribunal Supremo xa inadmitiu dous recursos de casación para a unificación da doutrina interpostos polo ISM e o INSS, en que se pretendía sinalar a contradición existente entre as sentenzas que eximen as mutuas do pagamento dos xuros procesuais e aquelas outras que lle esixen o pagamento deses xuros á Administración da Seguridade Social: Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Social) de 10 de febreiro de 2004 (rec. n.º 3157/2003) e Auto do Tribunal Supremo (Sala do Social) de 14 de abril de 2004 (rec. n.º 2496/2003).

⁴⁷ Véxase o artigo 87.3, parágrafo segundo, da Lei xeral da Seguridade Social e o artigo 3 da Orde TAS 4054/2005, de 27 de decembro, pola que se desenvolven os criterios técnicos para a liquidación de capitais custo de pensións e outras prestacións periódicas da Seguridade Social, BOE de 28 de decembro.

Por outro lado, a doutrina sustentada polo Tribunal Supremo nas citadas sentenzas é contraria á doutrina aplicada por el mesmo en casos análogos de consignación para poder recorrer⁴⁸. Na sentenza con data de 9 de decembro de 1992⁴⁹ afirma que «o artigo 921 da Lei de axuizamento civil non é un precepto de aplicación supletoria ao proceso laboral, en canto establece expresamente a súa proxección a calquera tipo de resolución de calquera orde de xurisdición que conteña condena ao pagamento de cantidade líquida, o que lle imprime o carácter de directamente aplicable, e é de reiterar aquí canto se di na sentenza desta Sala antes citada do 4-12-1989, pois nin a consignación equivale ao pagamento, nin a posibilidade dunha execución provisional é necesariamente excluínte do pagamento de xuro, cando na propia Lei de axuizamento civil se recolle tanto a imposición de xuros no reiterado artigo 921 como a execución provisional no artigo 722».

No caso que resolvía esta sentenza, a mutua reclamaba a non-imposición dos xuros do artigo 921 da Lei de axuizamento civil, polo feito de que a cantidade obxecto da condena fora consignada. Non obstante, o Tribunal Supremo aplícalle á mutua o artigo 921 da Lei de axuizamento civil, por entender que a consignación non equivale ao pagamento. Algo parecido ao que acontece cando as mutuas son condenadas ao pagamento de prestacións periódicas de Seguridade Social, que cando recorren deben consignar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social o capital importe da prestación declarada na resolución, segundo o que está disposto nas epígrafes 2 e 3 do artigo 192 da Lei de procedemento laboral.

Por tanto, ningunha diferenza debe haber en que a cantidade obxecto da condena se consigne na conta do xulgado ou na Tesouraría Xeral da Seguridade Social para os efectos de que se xeren a favor do acredor e en contra do recorrente os xuros procesuais. É por iso que entendo que carece de xustificación a actual doutrina que exclúe as mutuas da obriga de pagar os xuros de mora procesual.

A propósito do anterior tráese a conto o Auto do Tribunal Constitucional 1126/1987, de 13 de outubro, en que se afirma que, neste sentido, convén recordar que o Tribunal Central de Traballo considerou aplicable o artigo 921 da Lei de axuizamento civil ao

⁴⁸ Véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo (Sala do Social) de 25 de outubro de 1989, ditada en recurso de casación por infracción da lei (Id Cendoj: 28079140011989100435); de 4 de decembro de 1989, ditada en recurso de casación por infracción da lei (Id Cendoj: 28079140041989100130); e de 1 de marzo de 1990, ditada en recurso de casación por infracción da lei (Id Cendoj: 28079140011990100960).

⁴⁹ Recurso de casación para a unificación da doutrina n.º 982/1992.

proceso laboral, de conformidade con dous argumentos principais: en primeiro lugar, pola supletoriedade da Lei de axuizamento civil a respecto da Lei de procedemento laboral, expresamente prevista pola disposición adicional desta última; e, en segundo lugar, por entender que o depósito da cantidade obxecto da condena esixido ao empresario para recorrer en casación ou suplicación non supón unha extinción da obriga nin un pagamento da débeda, de maneira que non por iso o debedor empresario queda liberado nin exento do pagamento de xuros: a consignación da cantidade obxecto da condena non exteriorizaría a intención de cumprir a obriga, senón máis ben a de lograr a reforma ou revogación da resolución condenatoria de instancia.

Tamén lembra o Tribunal Constitucional neste auto que o Tribunal Central de Traballo se coidou de trazar a liña divisoria entre a obriga de consignar a cantidade obxecto de condena para recorrer en casación e suplicación, dun lado, e da condena ao pagamento de xuros no trámite de execución da sentenza, doutro. Para ese órgano xudicial, mentres que a consignación trata de asegurar ou afianzar o cumprimento posterior da decisión xudicial, o pagamento de xuros tería como fin reparar o dano ou o prexuízo causado ao acredor por non dispor da cantidade obxecto do crédito desde o momento en que se declarou xudicialmente o seu dereito a percibila. Deste xeito, o artigo 921 da Lei de axuizamento civil viría suplir a falta de rendibilidade da cantidade xerada e aínda non percibida, reparándose ou amortecéndose así a perda de capacidade adquisitiva que experimenta a moeda co paso do tempo. Esta finalidade é aínda máis diáfana no pagamento de pensións da Seguridade Social ou das prestacións complementarias destas, posto que o artigo 41 da Constitución esixe rehabilitar a contía obxecto da condena para manter a súa suficiencia no momento do pagamento. Estas consideracións do Tribunal Central de Traballo entende o Tribunal Constitucional que son suficientes para estimar que a solución adoptada polo órgano xurisdiccional, ao esixirle o pagamento dos xuros procesuais á entidade recorrente que consignara previamente a cantidade obxecto da condena, resulta suficientemente motivada e razoablemente xustificada desde a perspectiva do principio de igualdade e do dereito á tutela xudicial efectiva.

6. Supostos de aplicación do artigo 576 da Lei de axuizamento civil

6.1. Responsabilidade subsidiaria do INSS

No caso de que se declare a responsabilidade subsidiaria da Seguridade Social a respecto dunha determinada prestación económica, a obriga de pagar xuros procesuais non xorde, ao meu entender, até que se dite a resolución xudicial que declare a insolvencia do debedor principal e se lle requira o pagamento ao responsable subsidiario.

O artigo 576 da Lei de axuizamento civil fala de sentenza ou resolución xudicial que condene ao pagamento dunha cantidade de diñeiro líquida. A resolución xudicial que condena a Seguridade Social ao pagamento da cantidade é neste caso o auto que reclama o pagamento, sen que até ese momento fose esixible ningunha obriga fronte a esta. Neste sentido resulta orientador o artigo 1827 do Código civil, segundo o cal, se a fianza fose simple ou indefinida, comprenderá non só a obriga principal, senón todos os seus accesorios, mesmo os gastos do xuízo, entendéndose, no tocante a estes, que non responderá senón dos que se xerases despois de que fose requirido o fiador para o pagamento.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 6 de xuño de 2007⁵⁰ resolve que a data inicial da remuneración de xuros, cando a executada é a entidade xestora da Seguridade Social como responsable subsidiaria, é a de notificación do auto de insolvencia da empresa.

6.2. Obriga que xera xuros de mora ordinarios do artigo 1108 do Código civil

Neste caso o recoñecemento destes xuros en sentenza precisa un pedimento expreso, e produce efecto desde a presentación da demanda. Con todo, desde que se dita a sentenza de primeira instancia rexéitase a compatibilidade dos xuros moratorios ordinarios cos regulados no artigo 576 da Lei procesual civil, pois enténdese que os moratorios quedan embebidos nos superiores do artigo 576 a partir da data da resolución (Sentenza do Tribunal Supremo 304/1994 (Sala do Civil), de 5 abril, rec. n.º 1760/1991)⁵¹. O anterior enténdese que será así salvo que correspondan outros xuros superiores por pacto das partes ou por disposición especial da Lei.

6.3. Supostos analizados pola Sala do Social do Tribunal Supremo na Sentenza de 11 febreiro de 1997, ditada no recurso de casación para a unificación de doutrina n.º 3099/1996

Os supostos en cuestión son os seguintes: a) de ser absolutoria a segunda sentenza resolutoria do último dos recursos interpostos contra a sentenza condenatoria, non existirá remuneración de xuros procesuais; b) de confirmarse integramente a sentenza de instancia condenatoria, a remuneración de xuros é desde que a referida resolución

⁵⁰ Recurso de casación para a unificación da doutrina n.º 1579/2006.

⁵¹ Véxase a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil), de 5 de abril de 1994, ditada no recurso de casación n.º 1760/1991.

condenatoria foi ditada en instancia até que sexa totalmente executada; c) de ser a sentenza de instancia absolutoria e a segunda sentenza condenatoria ao aboamento de cantidade líquida, débese fixar como data do cómputo do prazo inicial dos xuros xerados a da segunda sentenza⁵²; d) cando sendo condenatoria a primeira sentenza, sexa a segunda na que se concrete por primeira vez a contía líquida debitada, enténdese, neste suposto, como data de inicio da remuneración dos xuros a correspondente á data da segunda sentenza, en canto fai certa a cantidade que outorga⁵³; e) se a segunda sentenza, revogatoria parcial, incrementa a cantidade líquida obxecto de condena fixada na sentenza de instancia, resultará que «a partir da sentenza de primeira instancia e pola suma nela fixada xerarase en favor do demandante acredor o xuro legal incrementado en dous puntos e, a partir da data da segunda sentenza que revogou a de primeira instancia aumentando a cifra, os xuros serán tamén os legais incrementados en dous puntos, mais calcularanse sobre a suma concedida na segunda sentenza», é dicir, que o incremento ou exceso efectuado na segunda sentenza a respecto da primeira xera tamén xuros cuxo cómputo se inicia na data da segunda sentenza⁵⁴; e f) en cambio, se a segunda sentenza, revogatoria parcial, reduce a cantidade líquida obxecto de condena fixada na primeira sentenza, a data da remuneración dos xuros *ex* artigo 921 da Lei de axuizamento civil conta desde a data da primeira sentenza, mais pola suma fixada na segunda sentenza⁵⁵.

7. Prescrición

O prazo para solicitar a execución de sentenzas que condenan ao pagamento de prestacións da Seguridade Social está regulado no artigo 241 da Lei de procedemento laboral. Neste precepto establécese con carácter xeral na epígrafe primeira que «o prazo para instar a execución será igual ao fixado nas leis substantivas para o exercicio da acción tendente ao recoñecemento do dereito cuxa execución se pretenda. O devandito prazo será de prescrición para todos os efectos».

⁵² Neste sentido, véxase as sentenzas da Sala do Civil do Tribunal Supremo de 12 marzo de 1991; de 11 febreiro de 1992 (rec. n.º 2903/1989) e de 18 marzo de 1993 (rec. n.º 1912/1990).

⁵³ Neste sentido, véxase a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) de 30 novembro de 1995 (rec. n.º 1402/1992).

⁵⁴ Neste sentido, véxase as sentenzas do Tribunal Supremo (Sala do Civil) de 23 de marzo de 1992 (rec. n.º 340/1990) e de 5 abril de 1993.

⁵⁵ Nesta liña, véxase a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) de 30 decembro de 1991 (rec. n.º 1850/1989).

A continuación, a epígrafe segunda do artigo 241 da Lei de procedemento laboral distingue dous supostos: a) a obriga de entregar sumas de diñeiro e b) o pagamento de prestacións periódicas da Seguridade Social. No caso das obrigas de entregar sumas de diñeiro, establece un prazo de prescrición dun ano para instar a execución. Canto ao pagamento de prestacións periódicas da Seguridade Social, o prazo que establece é o fixado nas leis substantivas para o exercicio da acción de recoñecemento do dereito á prestación de que se tratar.

A acción para solicitar a execución dunha sentenza respecto do pagamento dos xuros procesuais entendo que prescribirá no prazo dun ano desde que a sentenza quedou firme (artigo 1971 do Código civil), posto que se trata dunha obriga de entregar unha suma de diñeiro e non dunha prestación periódica da Seguridade Social.

Finalmente, dispón o artigo 241.3 da Lei de procedemento laboral que «iniciada a execución, non se interromperá a prescrición mentres non estea cumprida na súa integridade a obriga que se execute, mesmo se as actuacións fosen arquivadas por declaración de insolvencia provisional do executado».